

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN CORRESPONDENTE AO DÍA 26 DE MARZO DE 2011.**

No salón de sesións da Casa do Concello de Brión, sendo as 11 horas do día 26 de marzo de 2011, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

### **ALCALDE:**

D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. ( PSG-PSOE ).

### **CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:**

D<sup>a</sup>. MARÍA DEL CARMEN REY TUÑEZ. ( PSG-PSOE ).

D. RAMÓN RODRÍGUEZ ROMARÍS. ( PSG-PSOE ).

D<sup>a</sup>. PATRICIA VÁZQUEZ LAMAS. ( PSG-PSOE ).

D. JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. ( PSG-PSOE ).

D. JOSÉ BOUZAS ESPARÍS. ( PSG-PSOE ).

D. JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. ( PSG-PSOE ).

D. MANUEL JOSÉ FERNÁNDEZ GARCÍA. ( PSG-PSOE ).

D. CARLOS TOMÉ FONDO. (PP).

D<sup>a</sup>. MIRIAM PIÑEIRO RODRÍGUEZ. (PP).

D. JULIO COUSELO GARCÍA. ( PP).

D. XESÚS PENA ESPÍÑA. (BNG).

### **NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup>. MARÍA DO CARME ROBLEDO MUIÑA. (BNG), por atoparse enferma segundo manifesta o Portavoz do grupo.

SECRETARIO: D. JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, Secretario do Concello.

Asiste a Interventora do Concello D<sup>a</sup>. ANA MARÍA GÓMEZ PEÑA.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

### **ORDE DO DÍA:**

1º) APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓN DO 16 DE FEBREIRO DE 2011 E DO 14 DE MARZO DE 2011.

2º) DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DECLARANDO DESERTA UNHA LICITACIÓN.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE PISCINA E APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE BRIÓN E O CONCELLO DE AMES PARA A PRESTACIÓN ASOCIADA DOS SERVIZOS DE POLICÍA LOCAL.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE BRIÓN E O CONCELLO DE AMES PARA A PRESTACIÓN ASOCIADA DOS SERVIZOS DE EMERXENCIAS E PROTECCIÓN CIVIL.

6º) DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2010.

7º) DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA DERIVADO DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2010.

8º) DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DA AVALIACIÓN ANUAL DO CUMPRIMENTO DO PLAN DE SANEAMENTO.

9º) APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN DE FINANCIAMENTO.

10º) APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA.

---

1º) APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 16 DE FEBREIRO DE 2011 E DO 14 DE MARZO DE 2011.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo ás actas das sesións do 16 de febreiro de 2011 e 14 de marzo de 2011.

Sometidas a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos doce membros presentes acorda aprobalas sen ningunha rectificación.

2º) DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DECLARANDO DESERTA UNHA LICITACIÓN.

Dada conta da resolución da Alcaldía do 14.03.2011 que transcrita di:

Visto o expediente tramitado polo Concello para a contratación por procedemento aberto da xestión do servizo público de piscina cuberta climatizada de Brión, téndose publicado o anuncio de licitación no BOP do 24.02.2011 e no perfil de contratante con data 17.02.2011 e resultando que segundo certificación de Secretaría non se presentou ningunha oferta no Rexistro do Concello no prazo de quince días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no BOP.

Visto o disposto no art. 21.1.s da Lei 7/85, do 2de abril, reguladora das bases do réxime local e en execución do acordo do Pleno do 16 de febreiro de 2011, resolvo:

1º) Declarar deserta a licitación por non se ter presentado ningunha proposición.

2º) Facer publicación no perfil de contratante do Concello e dar conta desta resolución ao Pleno na primeira sesión que celebre.

O Pleno queda enterado.

### 3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE PISCINA E APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 18 de marzo de 2011, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 24 de marzo de 2011, que transcrita di:

Proximamente vaise rematar a obra de piscina cuberta climatizada deste Concello realizada co cofinanciamento da Deputación Provincial da Coruña ao abeiro do convenio de colaboración asinado coa mesma con data 30 de outubro de 2009.

Realizada a licitación por procedemento aberto a mesma quedou deserta por non se ter presentado ningún licitador.

Co fin de axilizar o procedemento para a contratación da súa xestión, elaborouse pola empresa Lagares Oca un novo estudo económico-financeiro, de data marzo de 2011, confeccionado polo equipo redactor composto por José Antonio González Ferreira e José Ferreira Marquina, sobre a explotación do servizo da piscina municipal de Brión ( A Coruña ), onde queda demostrada a viabilidade económica dunha xestión indirecta mediante concesión polo prazo de dez anos, téndose realizado modificacións respecto da primeira memoria elaborada por mor da inviabilidade financeira da mesma para as empresas segundo puxeron de manifesto varios candidatos interesados na xestión da piscina.

Considerando necesario esta Alcaldía que a piscina comece a funcionar para prestar o servizo tan demandado polos veciños coa maior celeridade posible a partir da súa recepción polo Concello, e tramitado expediente para a súa xestión, vistos os informes preceptivos de Secretaría e Intervención, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Xestionar o servizo público de piscina cuberta climatizada de Brión mediante xestión indirecta, por concesión, polo prazo de dez anos dada a súa viabilidade económica consonte co estudo económico-financeiro, de data marzo de 2011, confeccionado polo equipo redactor composto por José Antonio González Ferreira e José Ferreira Marquina, sobre a explotación do servizo da piscina municipal de Brión ( A Coruña ), onde queda demostrada a viabilidade económica dunha xestión indirecta mediante concesión polo prazo de dez anos.

2º) Aprobar o expediente de contratación tramitado realizando a contratación do servizo público de piscina cuberta climatizada, por procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación, baixo a modalidade de concesión, con tramitación ordinaria, polo prazo de dez anos.

3º) Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas obrantes no expediente.

4º) Realizar a licitación mediante anuncio no BOP e no perfil de contratante do Concello.

Debate:

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que imos manter a postura da outra vez de abstención, que eu xa dixen antes que non me daban as contas e agora tampouco me dan as contas do estudo económico-financeiro porque a ratio de poboación que se ten en conta soamente toma en consideración as piscinas de Bertamiráns e Santiago; engade que o estudo económico de agora non ten moito que ver co anterior e que si son certos os datos os contratistas deberían asumir as perdas, e por todo iso votaremos abstención.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que votaremos a favor, pero iso non quere dicir que non debemos facer unha serie de comentarios; así o informe económico deixa un pouco mal ao primeiro informe, pero estamos de acordo en que o servizo debe poñerse en marcha e tamén

estamos de acordo en que debe cofinanciarse, e finalmente recordar a historia da xestión desta piscina e a capacidade investidora que teñen as Deputacións.

O Sr. Alcalde sinala que a licitación vai á baixa segundo o estudo económico financeiro do expediente e esperamos que haxa baixa porque as condicións mudaron, e que a Deputación isto o fai por colaboración, que todos debemos agradecer a xestión da Deputación, creo que hoxe é un gran día porque vaise inaugurar a piscina tremendamente demandada polos veciños por motivos de ocio e de saúde e remata sinalando que podemos estar hoxe todos moi contentos.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8) e BNG (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 3, pertencentes ao grupo municipal do PP (3).

Queda aprobada a proposta da Alcaldía nos seus propios termos.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE BRIÓN E O CONCELLO DE AMES PARA A PRESTACIÓN ASOCIADA DOS SERVIZOS DE POLICÍA LOCAL.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 21 de marzo de 2011, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 24 de marzo de 2011, que transcrita di:

O artigo 51 da Lei Orgánica 2/1986, de 13 de marzo, establece que os municipios poderán crear corpos de policía propios, de acordo co previsto na referida Lei, na Lei de bases de réxime local e na lexislación autonómica.

O artigo 25.2 da Lei reguladora das bases do réxime local, establece que o concello exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e Comunidades Autónomas entre outras nas seguintes materias: a) seguridade nos lugares públicos, b) ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas.

Nos mesmos termos que o artigo 25.2 da Lei reguladora das bases do réxime local, pronúnciase o artigo 80.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

A Disposición Adicional 5ª da Lei Orgánica 2/1986, de Forzas e Corpos de Seguridade, adicionada pola Lei 16/2007 recolle que nos supostos nos que dous ou máis municipios limítrofes, pertencentes a unha mesma Comunidade Autónoma, non dispoñan separadamente dos recursos suficientes para a prestación dos servizos de policía local, poderán asociarse para a execución das funcións asinadas a ditas policía nesta Lei.

En todo caso, o acordo de colaboración para a prestación de servizos dos corpos da policía local dependentes dos respectivos concellos respectará as condicións que se determinen polo Ministerio de Interior, e contará coa autorización deste ou no seu caso, da Comunidade Autónoma correspondente segundo o que dispoña o seu respectivo Estatuto de Autonomía.

En desenvolvemento da Disposición Adicional 5ª da Lei Orgánica 2/86 apróbase a Orde do Ministerio do Interior 2944//2010, de 10 de novembro (BOE nº 278) que determina as condicións para a asociación de municipios coa finalidade de prestar servizos de policía local.

As esixencias para que proceda esta asociación son as seguintes:

A – Municipios limítrofes.

B – Municipios pertencentes á mesma Comunidade Autónoma.

C – Municipios que conxuntamente non superan a cifra de 40.000 habitantes.

D – Municipios que acrediten que separadamente non dispoñen de recursos suficientes para a prestación dos servizos de Policía Local.

E – Que a asociación se materialice mediante a formalización dun acordo de colaboración que reúna as esixencias do artigo 3 da Orde 2944/2010 de 10 de novembro.

Visto o expediente tramitado polos Concellos de Brión e Ames para a prestación asociada do servizo de policía local por considerar que reúnen todos os requisitos establecidos na Orde 2944/2010 e considerando que resulta conveniente para o Concello esta prestación asociada posto que así se incrementa a ratio de policía local por número de habitantes que doutro xeito este Concello non podería asumir por falta de medios económicos e se prestaría un servizo as 24 horas do día, todos os días do ano, que redundaría nun mellor servizo para os veciños.

Vistos os informes de Secretaría e Intervención, a memoria explicativa do proxecto onde se xustifica a súa conveniencia, e resultando que foi obxecto de coñecemento e negociación cos representantes sindicais reunidos con data 21 de marzo de 2011, propono ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar o texto do acordo de colaboración entre o Concello de Brión e o Concello de Ames para a prestación asociada dos servizos de policía local obrante no expediente.

2º) Solicitar ao abeiro do disposto no art. 4 da Orde INT 2944/2010, do 10 de novembro, pola que se determinan as condicións para a asociación de municipios coa finalidade de prestar servizos de policía local, de conformidade co previsto na D.A. 5ª da Lei orgánica 2/1986, de 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade, con carácter previo á suscripción do acordo de colaboración, autorización do Ministerio do Interior e posteriormente a conformidade da Xunta de Galicia na súa condición de titular da competencia de coordinación de policías locais.

3º) Facultar expresamente ao Alcalde para a realización de todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do correspondente expediente e logo da súa autorización polo órgano competente, facultalo para sinatura do acordo de colaboración.

Debate:

Explica o Sr. Alcalde que deste tema xa se ten toda a información, incluso houbo un Pleno extraordinario; a única novidade que hai neste tema é que houbo unha reunión co Secretario de Estado de Seguridade que dixo que a idea era moi boa, como igualmente o fixo o Conselleiro no seu día, e que tiñan dúbidas sobre quen era o órgano competente para autorizalo, pero que calquera que fora se aprobaría; gustaríame moitísimo que se aprobara por unanimidade por ser os concellos pioneiros en España e que están a recibirse moitas chamadas doutros concellos solicitando información.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que algúns non estábamos de acordo co procedemento seguido, que debía falarse primeiro coa policía, que o tema é o malestar dos policías locais, a discrepancia sindical; engade que é unha boa idea, pero tampouco sabemos como vai quedar o tema despois, que a día de hoxe non sabemos como vai quedar organizado o tema e a terceira preocupación que teño é que o Concello de Brión nunca incumpriu a súa palabra, pero a miña preocupación e pola falta de palabra do Alcalde de Ames, como quedou de manifesto

coa Mancomunidade, quero deixar esta nota para que conste con quen nos imos asociar; que aumentamos a plantilla de 3 a 28, xa veremos despois na práctica como van facer a súa función en Brión, e remata sinalando que o convenio vémolos ben e entón imos votar favorablemente.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que como en todos os temas hai algunhas dúbidas, tamén as teñen as organizacións sindicais, que deben valorarse no seu momento correctamente; que o importante disto é que é un primeiro avance ou un primeiro paso, que nós apoiamos sobre municipalismo e prestación de servizos, e remata sinalando que non debería estar en función do Alcalde de turno.

O Sr. Alcalde sinala que quero comezar agradecendo a postura dos grupos políticos de Brión, que cando hai cousas importantes demostran a súa valía en defensa dos intereses dos veciños de Brión. Engade que somos dos concellos que asociaron a prestación de servizos, así a Mancomunidade, a comarca, etc..., e que os pasos seguidos foron os precisos, se tivo a idea, estúdiouse, fíxose público e plantexouse o percorrido a seguir e que os colectivos afectados do Concello de Brión foron puntualmente informados de todo, que a sede da policía local estará en Ames e a de protección civil en Brión e cada policía segue dependendo do seu Concello, só hai unha asociación que presta servizos, esperamos que se cubra pronto a praza de inspector que será quen se faga cargo disto; tamén me parece lóxico que os colectivos afectados pretendesen sacar algo desde un punto de vista económico, pero que CCOO que é o único que ten representación en Brión, abstívose polo feito de ter representación en Ames.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e BNG (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta da Alcaldía nos seus propios termos.

##### 5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE BRIÓN E O CONCELLO DE AMES PARA A PRESTACIÓN ASOCIADA DOS SERVIZOS DE EMERXENCIAS E PROTECCIÓN CIVIL.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 21 de marzo de 2011, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 24 de marzo de 2011, que transcrita di:

O artigo 51 da Lei Orgánica 2/1986, de 13 de marzo, establece que os municipios poderán crear corpos de policía propios, de acordo co previsto na referida Lei, na Lei de bases de réxime local e na lexislación autonómica.

O artigo 25.2 da Lei reguladora das bases do réxime local, establece que o concello exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e Comunidades Autónomas entre outras nas seguintes materias: a) seguridade nos lugares públicos, b) ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas.

A Disposición Adicional 5ª da Lei Orgánica 2/1986, de Forzas e Corpos de Seguridade, adicionada pola Lei 16/2007 recolle que nos supostos nos que dous ou máis municipios limítrofes, pertencentes a unha mesma Comunidade Autónoma, non dispoñan separadamente dos recursos suficientes para a prestación dos servizos de policía local, poderán asociarse para a execución das funcións asinadas a ditas policía nestas Lei.

Polos Concellos de Brión e Ames estase a tramitar un expediente para a prestación asociada do servizo de policía local por considerar que reúnen todos os requisitos establecidos na Orde 2944/2010 por resultar conveniente para o Concello esta prestación asociada posto que así se incrementa a ratio de policía local por número de habitantes que doutro xeito este Concello non podería asumir por falta de medios económicos e se prestaría un servizo as 24 horas do día, todos os días do ano, que redundaría nun mellor servizo para os veciños.

Como consecuencia deste acordo de colaboración os mencionados concellos están a tramitar un expediente para a prestación de servizos de forma asociada de emerxencias e protección civil, de tal xeito que o servizo de emerxencias e protección civil do que dispón o Concello de Brión pase a prestar servizos no Concello de Ames, que por lei polo seu número de habitantes ven obrigado a prestar, carecendo dos medios para elo.

Vistos os informes de Secretaría e Intervención, a memoria explicativa do proxecto onde se xustifica a súa conveniencia, e resultando que foi obxecto de coñecemento e negociación cos representantes sindicais reunidos con data 21 de marzo de 2011, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar o texto do acordo de colaboración entre o Concello de Brión e o Concello de Ames para a prestación asociada dos servizos de emerxencias e protección civil obrante no expediente.

2º) Facultar expresamente á Alcaldía para a realización de todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do correspondente expediente e logo da autorización polo órgano competente do acordo de colaboración entre os Concellos de Ames e Brión para a prestación asociada do servizo de policía local, posto que é unha consecuencia do mesmo e están intimamente relacionados ambos convenios, facultar á Alcaldía para a sinatura do acordo de colaboración.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e BNG (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta da Alcaldía nos seus propios termos.

#### 6º) DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2010.

Dada conta do expediente de aprobación da liquidación do orzamento do Concello de 2010 aprobada por resolución da Alcaldía do 28 de febreiro de 2011, que transcrita di:

Examinada a liquidación do orzamento municipal do exercicio 2010, formulada pola Intervención Municipal, con suxección ás normas previstas nos artigos 191 a 193 do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, esta Alcaldía resolve:

Primeiro.-Aproba-la liquidación do orzamento do Concello de Brión correspondente ao exercicio de 2010, que ten os seguintes resultados:

1. DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	7.982.876,75
-------------------------------	--------------

2. OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	6.955.606,14
3.RESULTADO ORZAMENTARIO SEN AXUSTE ( 1-2 )	1.027.270,61
4. DESVIAC. DE FINANCIACION IMPUTABLES POSITIVAS ( restan )	1.582.332,53
5. DESVIAC. DE FINANCIACIÓN IMPUTABLES NEGATIVAS ( suman )	532.329,74
6. CREDITOS GASTADOS FINANCIADOS CON RTGX ( + )	61.377,19
7. RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO ( 3-4+5+6 )	38.645,01

FONDOS LÍQUIDOS		1.544.642,95
DEREITOS PENDENTES DE COBRO		676.735,29
+De orzamento corrente de ingresos	27.578,58	
+De orzamento pechado de ingresos	681.022,64	
+De operacións non orzamentarias	459,62	
- Cobros realizados pdtes. de aplic.definitiva	32.325,55	
-OBRIGAS PENDENTES DE PAGO		732.047,67
+De orzamento corrente de gastos	593.488,77	
+De orzamento pechado de gastos	22.652,01	
+De operacións non orzamentarias	115.922,20	
-Pagos realizados pdtes. de aplicación definitiva	15,31	
=REMANENTE DE TESOURERIA TOTAL		1.489.330,57
-SALDOS DE DUBIDOSO COBRO		250.089,73
-REMANENTE DE TES. PARA GASTOS F.A.		721.036,97
=REMANENTE DE TES. PARA GASTOS X.		518.203,87

Segundo.- Dar conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre trala aprobación da citada liquidación .

Terceiro.- Remitir copia do expediente á Administración Xeral do Estado e a Comunidade Autónoma.

O Pleno queda enterado.

7º) DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA DERIVADO DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2010.



Dada conta do informe de Intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria da liquidación do orzamento xeral do exercicio 2010, de data 25.02.2011, que conclúe:

Se conclúe do cálculo anterior a capacidade de financiamento de 564.078,65 euros e por tanto, a situación do Concello de Brión é de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria entendido como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no SEC 95, polo que de conformidade co previsto nos artigos 16,19 e 21 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, procede:

a) Elevar este informe ao Pleno para súa toma de razón.

b) Remitilo ao organismo da Comunidade Autónoma que exerce a tutela financeira no prazo de quince días hábiles desde o coñecemento do Pleno.

O Pleno queda enterado.

#### 8º) DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DA AVALIACIÓN ANUAL DO CUMPRIMENTO DO PLAN DE SANEAMENTO.

Dada conta do informe de Intervención de avaliación do cumprimento do Plan de Saneamento de data 18 de marzo de 2011, no que se remata sinalando que se informa favorablemente respecto ao cumprimento anual do plan de saneamento aprobado.

O Pleno queda enterado, debendo remitirse ao Ministerio de Economía e Facenda por transmisión electrónica nos modelos habilitados tal fin, incorporando a sinatura electrónica da Interventora municipal.

#### 9º) APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN DE FINANCIAMENTO.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 18 de marzo de 2011, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión do 24 de marzo de 2011, que transcrita di:

Con data de 02/03/2011 foi aprobado por Decreto de Alcaldía o expediente de incorporación de remanentes 09/2011 por importe global de 43.120,00 euros. Os 43.120,00 se financiaban co remanente líquido de Tesourería para gastos con financiación afectada.

Os dous remanentes incorporados neste expediente foron os relativos ao proxecto 2008005 Mellora, ampliación e asfaltado de varias estradas e ao proxecto 2010006 relativo á Adquisición de terreos para o Punto Limpo por importe de 9.120,00 e 34.000,00 euros respectivamente, ambos foron financiados con excesos de financiamento ( con DF+ (87002). A data de hoxe non se iniciaron os trámites para iniciar a adquisición dos terrenos nin se prevee a adquisición dos mesmos a corto prazo, nin tampouco se prevee executar a obra de Mellora, ampliación e asfaltado de varias estradas por esta contía tan reducida..

Visto que este Concello non ten comprometido ningún gasto con cargo a estos proxectos, e que existe un proxecto de gasto (2011006 ) no Anexo de investimentos para o 2011 denominado "Obras de adecuación dos servizos afectados pola modificación da AC-300" que a día de hoxe non conta con financiamento e a xuízo desta Alcaldía se considera que é una obra prioritaria para os vecinos. Por todo elo, esta Alcaldía eleva, previo ditame da Comisión de Contas, a seguinte proposta de acordo ao Pleno:

Primeiro.- Desafectar os recursos procedentes de aproveitamentos urbanísticos ingresados no exercicio 2008 e dun préstamo concertado e disposto no ano 2010, que financiaban

respectivamente unha obra de Mellora, ampliación e asfaltado de varias estradas e a Adquisición de terreos para o Punto Limpo, de acordo co seguinte .

CODIGO PROX.	DENOMINACION	RECURSO	AXENTE FINACIADOR	IMPORTE
2008005	Mellora ampliación e asfaltado de varias estradas	397.10	04(Aproveitamento Urbanístico)	9.120,00
2010006	Adquisición de terreos Punto Limpo	913.00	08 ( Préstamo)	34.000,00

Segundo.-Afectar os citados recursos ao seguinte proxecto de gasto de acordo co seguinte :

CODIGO PROX.	DENOMINACION	RECURSO	AXENTE FINACIADOR	IMPORTE
2011006	Obra de adecuación dos servizos afectados pola modificación da AC-300	397.10	04(Aproveitamento Urbanístico)	9.120,00
2011006	Obra de adecuación dos servizos afectados pola modificación da AC-300	913.00	08 ( Préstamo)	34.000,00

Terceiro.- Iniciar a tramitación do correspondente expediente de modificación de créditos para dotar orzamentariamente a “Obra de adecuación dos servizos afectados pola modificación da AC-300” que será financiada cos remanentes desafectados dos proxectos de Mellora ampliación e asfaltado de varias estradas e de Adquisición de terreos para o Punto Limpo.

Cuarto.- Modificar o Anexo de Investimentos nos termos do apartado primeiro e segundo.

Quinto.- Notificar o citado acordo de desafectación á entidade financeira adxudicataria da operación de préstamo que financiaba a adquisición de terreos para o Punto Limpo.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e BNG (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta da Alcaldía nos seus propios termos.

10º) APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 18 de marzo de 2011, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión do 24 de marzo de 2011, que transcrita di:

Ante circunstancias sobrevidas á aprobación do orzamento e debido á necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, é necesario realizar axustes en varias partidas, dado que non existe no orzamento da corporación crédito ou este é insuficiente, tales como:

Asfaltado de Pistas en Bastavales ( POS 2011).

Remodelación e reparación de Beirarrúas en Bastavales ( POS 2011).

Renovación alumado na Urbanización Monte Balado.

Obras de adecuación dos servizos afectados pola AC-300.

Subvención concesionario Piscina Cuberta Municipal.

Conforme ás disposicións vixentes, cando se deba realizar algún gasto para o que non exista crédito orzamentario ou este sexa insuficiente no orzamento vixente, a Corporación poderá acordar un crédito extraordinario ou un suplemento de crédito respectivamente ( que é o caso que nos ocupa ). Tal modificación de créditos deberá atenderse indistintamente, co remanente líquido da Tesourería dispoñible no momento da tramitación do expediente, procedente do sobranse da liquidación do exercicio anterior, con novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente, ou ben anulando ou minorando o crédito necesario doutras partidas do orzamento, das dotacións que se estimen reducibles, sen perturbación do respectivo servizo. Tamén poderán financiarse con recursos procedentes de operacións de créditos nos casos previstos no art. 36 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Esta Alcaldía co debido asesoramento dos técnicos municipais, estima procedente tramitar o correspondente expediente de modificación de créditos, sendo os recursos que financiarán o citado expediente os procedentes do remanente líquido de Tesourería para gastos xerais e os procedentes da minoración do crédito necesario doutras partidas do orzamento que se estiman reducibles, e na súa virtude, previo estudo das necesidades, de carácter inaplazable, someto a consideración do Pleno do Concello a modificación que a continuación se especifica e a adopción do seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos MC 11/2011, de suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente líquido de Tesourería para gastos xerais e con cargo a anulacións ou baixas de outras partidas, por importe de 107.410,00 euros, de acordo co seguinte esquema:

1º SUPLEMENTOS DE CRÉDITO ( partidas dotadas insuficientemente )

PROX.	Partida Orzamentaria	Consignación antes deste expediente( € )	Aumento que se propón ( € )	Total consignación resultante ( € )	Causas da súa necesidade
2011001	155/609.00	61.890,47	3.094,53	64.985,00	Asfaltado de Pistas en Bastavales ( POS 2011)
2011002	155/609.00	63.109,53	5.861,88	68.971,41	Remodelación e reparación de Beirarruas en Bastavales ( POS 2011)
2011003	165/619.00	67.869,23	23.754,23	91.623,46	Renovación alumado na Urbanización Monte Balado
2011006	453/609.00	49.699,36	49.699,36	99.398,72	Obras de adecuación

					dos servizos afectados pola AC-300
	342/479.00	25.000,00	25.000,00	50.000,00	Subvención ao concesionario da Piscina Cuberta Municipal Segundo o estudio economico-financieiro

TOTAL SUPLEMENTOS DE CRÉDITO 107.410,00 €

## 2º FINANCIAMENTO

Para financiar os novos créditos sinalados no apartado anterior, pódense arbitrar os recursos seguintes :

A ) Con cargo ao remanente líquido de Tesourería para gastos xerais por importe de 64.290,00

REMANENTE DE TES. PARA GASTOS X. RESULT. LIQUIDACIÓN 2010	518.033,87
Asfaltado de Pistas en Bastavales ( POS 2011)	3.094,53
Remodelación e reparación de Beirarruas en Bastavales ( POS 2011)	5.861,88
Renovación alumado na Urbanización Monte Balado	23.754,23
Obras de adecuación dos servizos afectados pola AC-300	6.579,36
Subvención ao concesionario da Piscina Cuberta Municipal Segundo o estudio economico-financieiro	25.000,00
= REMANTE DE TES. PARA GASTOS XERAIS DESPOIS DESTE EXP. DE MOD 11/2011	453.743,87

B) Con cargo a novos ou maiores ingresos sobre os totais previstos no orzamento corrente.

C) Con cargo a baixas por anulación total ou parcial de outras partidas do Estado de Gastos do orzamento en vigor, cunhas consignacións susceptibles de redución por un importe total de 43.120,00.

PROX	Partida Orzamentaria	Consignación antes deste expediente (€)	Cantidade a anular ou minorar (€)	Consignación resultante ( €)	Explicación da baixa na consignación
2008005	155/619.00	9.120,00	9.120,00		Non se vaia a executar esta obra

2010006	162/600.00	34.000,00	34.000,00	0	Non se vai a adquirir este terreo
	TOTAL		43.120,00		

D) Recursos procedentes de operacións de crédito.

Importe total do financiamento.....	107.410,00 €
Con cargo ao remanente líquido de Tesourería para gastos xerais	64.290,00
Con cargo a baixas por anulación total de outras partidas.....	.43.120,00

2.- Declarar a non dispoñibilidade, de determinados créditos previstos inicialmente no orzamento 2011 que preveían ter como fonte de financiamento una operación de préstamo que non vai ser solicitada ás entidades financeiras dado que o Concello obtivo financiamento a través dun remanente de Tesourería para gastos xerais positivo derivado da liquidación do 2010. Polo tanto se considera necesaria a declaración de non dispoñibilidade de determinados créditos, na parte non financiada e así manter o equilibrio orzamentario.

Os créditos propostos para a declaración de non dispoñibilidade, son os seguintes :

PROX.	Partida Orzamentaria	Importe declarado non dispoñible	Causas da súa necesidade
2011001	155/609.00	3.094,53	Asfaltado de Pistas en Bastavales ( POS 2011)
2011002	155/609.00	5.861,88	Remodelación e reparación de Beirarruas en Bastavales ( POS 2011)
2011003	165/619.00	23.754,23	Renovación alumado na Urbanización Monte Balado
2011006	453/609.00	6.579,36	Obras de adecuación dos servizos afectados pola AC-300

Importe total dos créditos declarados non dispoñibles.....	39.290,00 €
--	-------------

3.- Expoñer o expediente de modificación de créditos ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no artigo 169 do texto refundido da Lei

reguladora das facendas locais, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

No caso de que non se presenten reclamacións ao acordo entenderase definitivamente adoptado, debendo publicarse dicha modificación do orzamento, resumida por capítulos, no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aprueba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

E dada conta igualmente do informe de Intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria do expediente de modificación de créditos MC 11/2011, do 18 de marzo de 2011, que transcrito na súa conclusión di:

Se conclúe do cálculo anterior a capacidade de financiamento deste Concello, por tanto, a situación é de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria entendido como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no SEC 95, polo que, de conformidade co previsto nos artigos 16,19 e 21 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, procede:

- a) Elevar este informe ao Pleno para a súa toma de razón.
- b) Remitilo ao organismo da Comunidade Autónoma que exerce a tutela financeira no prazo de quince días hábiles contados desde o coñecemento do Pleno.
- c) A aprobación polo Pleno dun Plan Económico Financeiro. Este Concello en Pleno ordinario celebrado o 21 de outubro de 2009 aprobou o citado Plan Económico Financeiro, cuxo contido axustábase ao previsto no artigo 20 do RD 1463/2007.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e BNG (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta da Alcaldía nos seus propios termos, tomando igualmente o Pleno coñecemento do informe de Intervención.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as once horas e coarente e cinco minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O Alcalde.

O Secretario.

Vº e Prace.

Asd. José Luis García García.

Asd. Javier Nieves González.